

1983-2018

35 aniversario

do centro
de planeamento familiar
da coruña

Este ano o **Centro de Planificación Familiar Municipal** cumpre 35 anos, unha ocasión que paga a pena celebrarmos para visibilizarmos así o importante labor que vén facendo desde os seus inicios. Creado no ano 1983 polo Concello da Coruña, comezou a dar cobertura a unha das necesidades de saúde máis demandadas pola veciñanza, a atención á saúde sexual e reprodutiva que, no seu día, aínda non estaba contemplada como prestación sanitaria dentro da Seguridade Social.

Durante estes 35 anos de traballo, o centro mantivo o espírito innovador e reivindicativo que caracterizou o seu nacemento, de servizo á cidadanía e de acción polos dereitos sexuais e reprodutivos de todas as persoas, especialmente daquelas máis atravesadas polas violencias e a desigualdade: nenas, rapazas, mulleres e persoas LGBTIQ.

Información de interese

Se para algunha das actividades incluídas neste programa precisas de servizo de conciliación (a partir dos 3 anos) tés que solicitalo cubrindo a ficha a que podes acceder nesta ligazón <http://www.coruna.gal/descarga/1242386091333/Solicitud-alta-mod-A-conciliacion-gallego.pdf>
Debes asinala e mandala ao correo coforillamar@coruna.es

Se precisas interpretación na linguaxe de signos, envíanos un correo á coforillamar@coruna.es

Para os dous servizos tes que facer a solicitude cun mínimo de 4 días de antelación á data en que se vai realizar a actividade

1983-2018

35 aniversario

do centro
de planeamento familiar
da coruña

Rúa Tui 19. Distrito 1. 15002 - A Coruña

Tel 981 184 205. De 9 a 14 horas

coforillamar@coruna.es

www.coruna.gal/planificacionfamiliar



1983-2018

35 aniversario

do centro
de planeamento familiar
da coruña



Setembro - Decembro 2018
Consulta toda a programación aquí ou en www.coruna.gal/igualdade



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña



Programa de actividades Setembro - Decembro 2018

Consulta toda a programación aquí ou en www.coruna.gal/igualdade

25, 26 e 27 de setembro

RUADA AFECTIVO-SEXUAL

Animación Teatral. "Os emojis do COF"

DINAMOTroupe

Accións de rúa por varios puntos da cidade destinadas a visibilizar e informar das actividades que se levarán a cabo durante o aniversario.

Xoves 27 de setembro

FALADOIRO INAUGURAL "O papel do movemento feminista na defensa dos dereitos sexuais e reprodutivos nos últimos 50 anos"

Con Lola Ferreiro Díaz (feminista galega), moderado por Chus Díaz Anca (psicóloga clínica do COF) Centro Ágora, aula 9 - 20.00 h.

Venres 28 de setembro

CONCERTO DOS PRACERES SEGUROS E DIVERSOS

Coas actuacións de Naranja Imaginario (música electrónica), Ezetaerre (rap combativo), Tanxugueiras (música tradicional galega) e Wöyza (hip-hop).
Campo da Leña - 21.00 h.

Xoves 4 de outubro

FALADOIRO "O papel da literatura infantil e xuvenil na educación afectivo-sexual"

Con Montse Penas Presas (profesora e investigadora) e Lola Ferreiro Díaz (Profesora do Mestrado de xénero da UVIGO), moderado por Cristina Ameijeiras, directora da Biblioteca do Centro Ágora.
Biblioteca Ágora - 20.00 h.

Do 2 ao 9 de outubro de 2018

OBRADOIRO para familias "O meu corpo é meu", a igualdade a través dos contos

Neste obradoiro abordaremos o respecto pola propia integridade corporal e os límites das nenas e dos nenos. Así mesmo, traballaranse as pautas sobre as que poder determinar se un conto transmite estereotipos sexistas ou é coeducativo. Dinamizado por Montse Vilar (experta en xénero, identidade e cultura)

Biblioteca Sagrada Familia - Martes 2 de outubro, ás 19.00 h.

Biblioteca Monte Alto - Mércores 3 de outubro, ás 19.00 h.

Biblioteca O Castrillón - Xoves 4 de outubro, ás 19.00 h.

Biblioteca Os Rosales - Venres 5 de outubro, ás 19.00 h.

Biblioteca Infantil e Xuvenil - Sábado 6 de outubro, ás 19.00 h.

Punto de servizo bibliotecario Mesoiro - Sábado 6 de outubro, ás 11.00 h.

Biblioteca Ágora - Luns 8 de outubro, ás 19.00 h.

Biblioteca Fórum - Martes 9 de outubro, ás 19.00 h.

Do 15 ao 23 de outubro

CONTACTOS "De onde veñen os bebés? (e outras preguntas)"

De Trinketrinke teatro, dirixido a nenas e nenos de 3 a 8 anos.

Biblioteca Ágora - Luns 15 de outubro ás 18.00 h.

Biblioteca Sagrada Familia - Martes 16 de outubro, ás 18.00 h.

Biblioteca Monte Alto - Mércores 17 de outubro, ás 18.00 h.

Biblioteca O Castrillón - Xoves 18 de outubro, ás 18.00 h.

Biblioteca Os Rosales - Venres 19 de outubro, ás 18.00 h.

Biblioteca Infantil e Xuvenil - Sábado 20 de outubro, ás 18.00 h.

Punto de servizo bibliotecario Mesoiro - Sábado 20 de outubro, ás 12.00 h.

Biblioteca Fórum - Martes 23 de outubro, ás 18.00 h.

Do 18 ao 20 de outubro

TEATRO "PUM PUM"

De Baobab Teatro, dirixido ao 2.º ciclo de educación infantil e ao 1.º ciclo de educación primaria, no que se abordará a prevención do abuso sexual infantil.

Fórum Metropolitano - 18, 19 e 20 de outubro. Pases ás 9.30 e 11.30 h.

Inscripcións dos centros educativos na web A Coruña Educa.

Pase aberto a familias o sábado 20 de outubro, ás 18.30 h. Entradas en ticketea.

Do 23 ao 25 de outubro

TEATRO-OBRADOIRO "VESTIDO DE VODA"

Coa actriz Vanessa Rivas e o actor José Leis, dinamizado por Noelia Darriba García (educadora social). Dirixido ao alumnado de educación secundaria dos centros da cidade. Inscripcións dos centros educativos na web A Coruña Educa.

Fórum Metropolitano - 23, 24 e 25 de outubro. Pases ás 9.30 e 11.45 h.

Xoves 25 de outubro

FALADOIRO "Pasado, presente e futuro dos centros de planificación familiar en Galicia. Un modelo de intervención integral"

Con Marián Ferreiro Vidarte (traballadora social xubilada do COF), Guillermo González Antón (presidente da Federación de Planificación Familiar en España), Luis Verde Remeseiro (Xerente da Área Integrada da Coruña), e Belén López Viñas (Xefa do servizo de xinecoloxía e obstetricia do CHUAC), moderado por Xosé Anxo Vidal Pan (director do COF)

Centro Ágora, aula 9 - 20.00 h.

Do 12 ao 20 de novembro

CONTACTOS "Rato canguro"

De Trinketrinke teatro, dirixido a nenas e nenos de 3 a 8 anos, no que se abordarán as novas paternidades.

Biblioteca Ágora - Luns 12 de novembro, ás 18.00 h.

Biblioteca Sagrada Familia - Martes 13 de novembro, ás 18.00 h.

Biblioteca Monte Alto - Mércores 14 de novembro, ás 18.00 h.

Biblioteca O Castrillón - Xoves 15 de novembro, ás 18.00 h.

Biblioteca Os Rosales - Venres 16 de novembro, ás 18.00 h.

Biblioteca Infantil e Xuvenil - Sábado 17 de novembro, ás 18.00 h.

Punto de servizo bibliotecario Mesoiro - Sábado 17 de novembro ás 12.00 h.

Biblioteca Fórum - Martes 20 de novembro, ás 18.00 h.

13 e 14 de novembro

TEATRO "Mosca"

De Sudhum Teatro, dirixido ao alumnado de educación secundaria, bacharelato e formación profesional, no se que se abordará o acoso escolar homofóbico.

Fórum Metropolitano - 13 e 14 de novembro. Pases ás 9.00 e 11.30 h.

Inscripcións dos centros educativos na web A Coruña Educa.

13, 14 e 15 de decembro

TEATRO "Rosa Caramelo"

De Talía Teatro, dirixido ao alumnado de educación infantil e primaria, no se que se abordará a socialización e os roles de xénero.

Fórum Metropolitano - 13, 14 e 15 de decembro. Pases ás 9.30 e 11.30 h.

Inscripcións dos centros educativos na web A Coruña Educa.

Pase aberto a familias o sábado 15 de decembro, ás 18.30 h. Entradas en ticketea.

POSTA EN MARCHA A PARTIR DE OUTUBRO

DUN NOVO PROGRAMA: TARDE XOVE

Obradoiros sobre saúde afectiva sexual.

Para mozas e mozos a partir de 14 anos.

Os mércores e xoves de 17 a 20 h

no Centro de Planeamento Familiar.

Inscríbete en: www.coruna.gal/planificacionfamiliar

